

A NOVA ETIQUETA DOS PRODUTOS QUÍMICOS PERIGOSOS É XA OBRIGATORIA PARA AS SUBSTANCIAS DENDE O 1 DE DECEMBRO DE 2010

Exemplo de nova etiqueta (informacións dadas a título indicativo)



A etiqueta constitúe a primeira fonte de información sobre un produto químico. O considerar e clasificar unha substancia ou unha mestura de substancias químicas como perigosa ven determinado regulamentariamente. Igualmente ven determinado por lexislación o envasado e etiquetaxe dos produtos químicos perigosos.

O CLP ou Regulamento CLP (en inglés “classification, labeling and packaging”) é o novo regulamento europeo sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas químicas. Esta lexislación introduce na Unión Europea un novo sistema para clasificar e etiquetar produtos químicos que está baseado no Sistema Globalmente Harmonizado das Nacións Unidas (SGA da ONU).

O CLP trata sobre os perigos das substancias e mesturas de produtos químicos e de como informar a outras persoas sobre estes. A industria deberá establecer os perigos das substancias e mesturas antes da súa comercialización e clasificalas de acordo cos perigos identificados. En caso de que unha substancia ou mestura sexa perigosa, deberá ser etiquetada de maneira que **os traballadores** e os consumidores coñezan os seus efectos antes de manexala.

O CLP xa entrou en vigor en toda a Unión Europea en xaneiro de 2009 pero estableceu uns períodos transitorios ata a súa aplicación total. **Dende o 1 de decembro de 2010 é xa de obrigado cumprimento para as substancias químicas e voluntario para as mesturas.**

Cales son as principais consecuencias da aplicación do CLP no momento actual?

Na práctica o que vai suceder é que paulatinamente vai cambiar o sistema de comunicación do risco: nova terminoloxía, diferente definicións dos perigos e diferente etiqueta. O sistema de clasificación e etiquetaxe que se ven utilizando, que deriva das directivas 67/548/CE (substancias

perigosas) e 1999/45/CE (preparados perigosos), quedará definitivamente derrogado en xuño do ano 2015.

Cambios relativos á **clasificación de substancias e mesturas**:

As substancias e mesturas de substancias que cumpran os criterios de perigo físico, para a saúde ou para o medio ambiente que establece o CLP serán consideradas perigosas e deberán clasificarse como tales. Establécense 28 clases de perigo diferentes que á súa vez divídense en categorías (en total 79 categorías). O sistema de clasificación derivado das directivas antes nomeadas só contemplaba 15 categorías de perigo.

Principais **elementos** diferentes que van aparecer na **nova etiqueta**:

- Palavra de advertencia para alertar ao lector: “**perigo**” para as categorías máis graves e “**atención**” para as categorías menos graves.
- Pictogramas de perigo: estes van ser os novos pictogramas:

Pictogramas de perigos físicos:



Explosivo



inflamable



comburente



corrosivo



gas a presión

Pictogramas de perigos para a saúde:



Efecto
agudo tóxico



Efecto tóxico non
agudo



Efecto irritante,
danoso ou
sensibilizante



Corrosión cutánea,
lesión ocular grave

Pictograma de perigo para o medio ambiente:



Perigoso para o
medio ambiente
acuático

- Indicacións de perigo: **frases H** (“hazard”) en lugar das antigas frases R ou frases de risco.
- Consellos de prudencia: **frases P** (“precautionary”) que substitúen ás antigas frases S.

Datas clave na clasificación e etiquetaxe:

- **1 de decembro de 2010:**

As substancias deben ser clasificadas e etiquetadas conforme ao novo regulamento.

As substancias que xa estaban clasificadas, etiquetadas e envasadas conforme ao sistema que deriva da directiva 67/548/CE (substancias perigosas) e **comercializadas** (é dicir “na tenda”) **antes desta data** non se terán que volver clasificar, etiquetar e envasar (conforme ao CLP) ata o **1 de decembro de 2012**.

- **1 de xuño de 2015:**

As **mesturas de produtos químicos** seguirán sendo clasificadas, etiquetadas e envasadas **ata esta data** conforme ao sistema que deriva da directiva 1999/45/CE (preparados perigosos). Con todo as mesturas tamén poderán ser clasificadas, etiquetadas e envasadas conforme ao regulamento CLP o cal quere dicir que pode haber mesturas nas que figure a nova etiqueta antes desta data.

Despois desta data as mesturas deberán ser clasificadas, etiquetadas e envasadas **obrigatoriamente** conforme ao regulamento **CLP**.

As **mesturas** que xa estaban clasificadas, etiquetadas e envasadas conforme ao sistema que deriva da directiva 1999/45/CE (preparados perigosos) antes desta data e **comercializadas** (é dicir, “na tenda”) **antes desta data**, non se terán que volver clasificar, etiquetar e envasar (conforme ao CLP) ata o **1 de xuño de 2017**.

Que é o catálogo de clasificación e etiquetaxe?

É unha **base de datos** que contén a información básica de clasificación e etiquetaxe sobre as substancias notificadas e rexistradas recibida de fabricantes e importadores. A ECHA (Axencia Europea de Substancias e Preparados Químicos, creada ao abeiro do Regulamento REACH^{*}) ocuparase da creación e o mantemento do Catálogo.

A ECHA, con sede en Helsinki (Finlandia), xestiona os procesos de rexistro, avaliación, autorización e restrición de substancias e preparados químicos co fin de garantir a súa coherencia no territorio da Unión Europea.

Neste catálogo incluíranse:

- As substancias que se deban rexistrar de acordo co Regulamento REACH.
- As substancias clasificadas como perigosas que se queiran comercializar.
- As substancias comercializadas formando parte dunha mestura e que dean lugar a que a mestura sexa clasificada como perigosa por superar os límites de concentración establecidos regulamentariamente.

En concreto **a información da clasificación e etiquetaxe das substancias incluídas no catálogo deberá ser de acceso electrónico público** e poderase consultar na páxina da ECHA: http://echa.europa.eu/home_es.asp

* Regulamento (CE) N° 1907/2006 del Parlamento Europeo y del Consejo de 18 de diciembre de 2006 relativo al registro, la evaluación, la autorización y la restricción de las sustancias y preparados químicos (REACH)

A información do catálogo estará dispoñible no ano 2011.

Cambios na Ficha de Datos de Seguridade (FDS)

A FDS complementa e amplía a información da etiqueta dos produtos químicos perigosos e é fundamental para a avaliación dos riscos derivados da presenza de axentes químicos no traballo. O CLP non legisla directamente sobre ela senón que é dominio do REACH.

Coa entrada en vigor do Regulamento REACH as fichas de datos de seguridade manteñen de forma xeneral o seu formato actual, aínda que se introducen algunhas modificacións, entre as que se encontran o cambio de orde entre dous epígrafes, e a obrigatoriedade de elaborar fichas de datos de seguridade no caso de substancias con determinadas características de perigosidade para o medio ambiente.

A FDS tamén se vai ver afectada polo regulamento CLP. **No momento no que as substancias ou as mesturas sexan clasificadas e etiquetadas conforme o CLP esta información deberá figurar tamén na FDS.** De todas maneiras **figurarán as dúas clasificacións** (a acorde coa derivadas das directivas de substancias ou preparados e a acorde co CLP) **ata o 1 de xuño de 2015.**

Datas clave para a FDS:

- **1 de decembro de 2010:**

As fichas de datos de seguridade deben adaptarse ao novo formato introducido por REACH.

As substancias **xa comercializadas** ("en tenda") antes desta data e que non teñan que volver ser etiquetadas e envasadas conforme ao CLP non teñen que substituír a **FDS** por **unha nova** acorde co REACH **ata o 1 de decembro de 2012.**

As **FDS de mesturas que xa se facilitaran** a calquera destinatario polo menos unha vez antes desta data poderán seguir sendo utilizadas e **non se teñen que substituír por unha nova** acorde co REACH **ata o 30 de novembro de 2012.**

- **1 de xuño de 2015:**

Todas as FDS conterán unicamente a **clasificación** e elementos de **etiquetaxe** acordes co **CLP** despois desta data.

As **mesturas xa comercializadas** antes desta data e que non teñan que volver ser etiquetadas e envasadas conforme ao CLP non teñen que **substituír a FDS** por outra antes do **1 de xuño de 2017.**

Cales son as principais repercusións para o empresario dende o punto de vista da prevención de riscos laborais?

A repercusión máis importante é que vai cambiar o sistema de comunicación dos riscos dos produtos químicos perigosos: nova terminoloxía, diferentes definicións dos perigos e diferente etiqueta. Durante un tempo van coexistir os dous sistemas de clasificación e etiquetaxe e polo tanto as etiquetas convencionais e as novas.

Os traballadores deben saber como interpretar o contido das novas etiquetas (e o das convencionais) e o das FDS, xa que nelas é onde se recollen os perigos asociados ao produto químico, as principais precaucións que hai que tomar ao traballar con eles e as consideracións relativas ao seu almacenamento e eliminación. Por outra banda, naquelas empresas nas que se utilizan axentes químicos perigosos o empresario debe **informar e formar os traballadores** para que estes saiban **interpretar este novo sistema de comunicación do risco**.

Neste contexto o **ISSGA** elaborou diferente documentación de carácter divulgativo que **pretende servir de ferramenta** tanto para as empresas, como para os servizos de prevención, no seu labor de informar e formar os traballadores sobre os riscos do seu posto de traballo.

Debe consultar os seguintes enlaces para información máis detallada e para estar ao día das modificacións e adaptacións ao progreso técnico que se poidan producir na regulamentación:

Portal de información REACH/CLP España:

<http://www.portalreach.info/>

Portal da Axencia Europea de Substancias e Preparados Químicos:

<http://echa.europa.eu/>

(Información elaborada en xaneiro de 2011)